

O nomeamento que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter como funcionario interino vinculado a este programa. (art.10 c. RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público), cunha duración de nove meses a tempo completo. A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

2.- Requisitos.

A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter dezaoto ou máis anos de idade.
- Estar en posesión da titulación de Arquitecto/a o. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia.
- Experiencia mínima en dirección de obradoiros de emprego, Escolas Obradoiro ou Casas de Oficio de 12 meses.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, par o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3.- Solicitudes.

As persoas que deseen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, declaración responsable de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases, documentación acreditativa dos méritos alegados conforme se dispón nas presentes bases.

Aqueles aspirantes que estean aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial de minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración estatal ou Autonómica.

O prazo para presentación de solicitudes será de 6 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do concello.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com ou no fax 982404812 no mesmo día da súa presentación aportando xustificante da súa presentación.

Rematado o prazo de 7 días naturais o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista de admitidos e excluídos, para ser admitido as solicitudes dos aspirantes deben axustarse o disposto no apartado anterior é dicir, aportando:

- Fotocopia do DNI en vigor.
- Copia compulsada da titulación esixida.
- Declaración xurada de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos e na páxina web municipal www.monfortedeleemos.es.

4.- Procedemento de selección.

1ª fase.

Acreditación das características persoais, que poderá facerse por escrito, co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, procedemento que se valorará cun máximo de 3'5 puntos, 35% do total.

Unha vez rematado este procedemento, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

2ª fase.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias profesionais dos/as aspirantes. A puntuación máxima desta fase é de 6,5 puntos, 65% do total.

Non se valorarán os méritos cuxa acreditación non se axuste o disposto nas presentes bases nin os presentados unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación.

I) Experiencia profesional/director:

✓ Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, obxecto da convocatoria: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 1,00 punto.

✓ Experiencia profesional, non valorada no apartado anterior, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria coa titulación e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos de traballo, ata un máximo de 3,00 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 4,00 puntos.

O período mínimo de experiencia profesional exixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

✓ no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

✓ no caso de traballadores/as autónomo/ass: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

✓ no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos realizados:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos por cada curso.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos por cada curso.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos por cada curso.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,30 puntos.

Valorarase a formación relacionada coa función e tarefas que se desempeñan na praza de director/a.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso, nin xornadas, congresos, simposios ...

III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,10 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,20 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,20 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

Finalizado o proceso de selección, o Tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. Puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde prelación das persoas candidatas para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta tanto no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e na súa páxina web municipal (www.monfortedelemos.es), nos taboleiros de anuncios da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e tamén nos taboleiros das oficina de emprego de Monforte de Lemos.

Os criterios para dirimir posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais son as seguintes, sendo por orde de prelación:

- O maior tempo acreditado como desempleado
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como director/docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola Consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade.
- De persistir o empate este resolverase por sorteo público.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.

As persoas candidatas preseleccionadas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremación.

A primeira fase de acreditación das características profesionais, terá lugar o luns 18 de maio de 2026, ás 11:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial, Campo San Antonio, s/nº, para o posto de director/a.

5.- Nomeamento.

A entidade promotora estará obrigada a nomear á persoa que sexa proposta polo Tribunal de selección atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para o seu nomeamento certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego “ e declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para o nomeamento renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

6.- Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o Tribunal de selección, para a selección no prazo de 24 horas a contar dende a publicación dos resultados da entrevista e do baremo.

7.- Publicidade das bases:

Estas bases deberán de ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora do obradoiro.

8.- Listaxe de reserva.

O Tribunal, coa finalidade de suplir as posibles baixas da persoa seleccionada como director/a, poderá elaborar uha lista de reserva integrada por orde decrecente de puntuacións obtidas polas persoas candidatas non seleccionadas. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao director/a.

9.- Tribunal.

O tribunal encargado de vulgar estas probas establecerase por Resolución de Alcaldía e a súa composición publicárase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste procesos.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais. Designados de entre o persoal funcionario ou laboral fixo do Concello de Monforte de Lemos, e de ser necesario de calquera outra administración.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do

Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.